



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802

galicia

Asunto: autorización sanitaria de apertura e reapertura das piscinas

A partir do 11 de decembro de 2013, de conformidade co artigo 4.1 do do Real decreto 742/2013 do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico sanitarios das piscinas, o titular da piscina **debe comunicar a apertura** desta á autoridade sanitaria competente antes da súa entrada en funcionamento, tras as obras de construción ou modificación, polo que **non se esixe a tramitación dun procedemento de autorización previo** a instancia do interesado.

O Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, ten o carácter de normativa básica, por este motivo, dita normativa é de aplicación xeral en todo o territorio do Estado.

Dita orientación é consecuencia da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos Servizos no mercado interior, incorporada ao ordenamento xurídico nacional mediante a Lei 17/2009 de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.


No eido competencial autonómico a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á citada Directiva 2006/123/CE, procedeuse tamén á eliminación do requisito da autorización previa en diversas normas con rango de lei, para substituíla por unha **declaración responsable ou comunicación previa**.

Aínda que non se requira autorización sanitaria de apertura/reapertura, os titulares da instalación terán a obriga de comunicar á Xefatura Territorial a actividade da piscina, con anterioridade ao inicio da mesma, cubrindo o modelo de declaración responsable que se achega con este oficio.

Lémbrales a obriga de cumprir a lexislación vixente en todo o período de apertura da instalación. Os servizos de inspección supervisarán o cumprimento da mesma.

Pontevedra, 26 de febreiro de 2014

A xefa de servizo de Riscos Ambientais


Natalia Botana Rey



Concello de Caldas de Reis

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA
Data 27/02/2014 12:53:20

SAÍDA 24052 / RX 131159

